

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

ORDE do 6 de xuño de 2022 pola que se modifica o articulado e o anexo IV da Orde do 11 de xaneiro de 2022 pola que se convocan axudas para a realización de actividades de formación en linguas estranxeiras no ano 2022, destinadas ao alumnado dos centros docentes sostidos con fondos públicos, en réxime de concorrencia competitiva (código de procedemento ED504B).

A Orde do 11 de xaneiro de 2022, publicada no DOG o 31 de xaneiro de 2022, pola que se convocan axudas para a realización de actividades de formación en linguas estranxeiras no ano 2022, destinadas ao alumnado dos centros docentes sostidos con fondos públicos, en réxime de concorrencia competitiva, establece no seu artigo catro o importe destas axudas para o ano 2022.

Con posterioridade á publicación desta convocatoria tiveron lugar graves acontecementos que non eran previsibles á hora da súa tramitación. A invasión de Ucraína por parte de Rusia xerou importantes consecuencias en todas as ordes e moi directamente no ámbito económico.

Produciuse, así, un aumento abrupto e xeneralizado de custos das materias primas e dos bens intermedios, disparáronse os prezos dos combustibles e todo iso levou a un proceso inflacionista que xa rolda o 10 %, coa consecuente deriva no incremento de prezos de bens e servizos.

Esta situación provocou que a licitación tramitada para o efecto quedase deserta e, por tanto, xorde a necesidade de reaxustar á alza o importe das axudas convocadas para adaptalas aos prezos actuais e desta forma garantir o correcto desenvolvemento das actividades programadas e asegurar as mellores condicións nos desprazamentos, estaba e aprendizaxe das linguas estranxeiras ao noso alumnado.

Esta variación, en liña cos obxectivos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades por manter a igualdade de oportunidades para o alumnado de Galicia, non supoñerá ningunha modificación nas condicións en que participa o alumnado e as súas familias, nin na cantidade económica que hai que achegar.



De acordo co establecido no artigo 3 do Regulamento que desenvolve a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, non é necesaria a realización dunha nova convocatoria ao tratarse de axudas en especie.

En consecuencia, facendo uso das competencias que me confire o artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo único.

Incrementábase o importe das axudas para a realización de actividades de formación en linguas estranxeiras no ano 2022 ata o importe de 1.248.234,96 euros con cargo á aplicación orzamentaria 10.30.423A.480.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

Adáptase o anexo IV á nova realidade e queda como segue.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no DOG.

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2022

O conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
P.D. (Orde do 9.2.2021)

Manuel Vila López

Secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación,
Formación Profesional e Universidades





ANEXO IV

	Modalidade	Duración	Réxime aloxamento	Nº prazas	Repartición das prazas por grupos				Custo por praza (€)	Achega das familias (€)			
					Grupo A	Grupo B	Grupo C	Grupo D		Grupo A	Grupo B	Grupo C	Grupo D
					2º Bach.	Inglés en Canadá	3 semanas	Familia		80	32	24	16
	Inglés no Reino Unido	3 semanas	Familia	90	36	27	18	9	2.469	285	510	898	1.122
	Francés en Francia	3 semanas	Familia ou residencia	15	6	4	3	2	2.469,01	285	510	898	1.122
	Portugués en Portugal	3 semanas	Familia ou residencia	5	2	1	1	1	2.199,78	254	454	800	1.000
1º Bach.	Inglés no Reino Unido	3 semanas	Familia	150	60	45	30	15	2.469	285	510	898	1.122
	Inglés en Canadá	3 semanas	Familia	135	54	40	27	14	3.605	375	670	1.180	1.475
	Inglés en Canadá-Integración	4 semanas	Familia	30	12	9	6	3	4.167	428	764	1.347	1.684
	Francés en Francia	3 semanas	Familia ou residencia	15	6	4	3	2	2.469,01	285	510	898	1.122
	Portugués en Portugal	3 semanas	Familia ou residencia	5	2	1	1	1	2.199,78	254	454	800	1.000
Total prazas:				525	210	155	105	55					

